



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### Anuncio

Aprobada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 18 de decembro de 2015, a proposta relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo.

#### ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP00013SU15-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260095/982260066
- g) Correo electrónico para facer consultas: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

#### 1. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Contrato privado de subministración.
- b) Descrición: Subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo.
- c) Duración: 1 ano.
- d) Admisión de prórroga: Non.
- e) CPV: 34927100-2- Sal para carreteras

#### 2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.
- c) Criterio de adxudicación: Oferta económica.

#### 3. ORZAMENTO DA LICITACIÓN: Importe neto: 60.800,00 euros. IVE (21%). Importe total: 73.568,00 euros.

#### 4. GARANTÍAS ESIXIDAS:

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: 5%, do importe de adxudicación do contrato.

#### 5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

- a) Outros requisitos: Os esixidos na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.
- b) Constitúen condicións esenciais de execución, as recollidas no artigo 228 bis do TRLCSP (Ver cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas)

**6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:**

- a) Prazo: 15 días naturais contados dende o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- b) Modalidade de presentación: Persoalmente, no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxeiría ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) dentro do prazo sinalado. No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición.
- c) Lugar de presentación:
- i. Dependencia: Rexistro da Exma. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 os sábados.
  - ii. Domicilio: San Marcos nº8
  - iii. Localidade e código postal: Lugo, 27002.
  - iv. Fax: 982260186
  - v. Dúvidas: As dúvidas que se plantexen os/as interesadas sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, deberán ser remitidas á dirección de correo electrónico [contratacion@deputacionlugo.org](mailto:contratacion@deputacionlugo.org). Só se resolverán as dúvidas plantexadas nos 6 primeiros días do prazo de presentación de propostas, data límite para presentar consultas.

**7. ADMISIÓN DE VARIANTES:** Non**8. GASTOS DE PUBLICIDADE:** Serán asumidos polo adxudicatario da licitación.

En Lugo, a 22 de decembro do 2015. O SECRETARIO XERAL. José Antonio Mourelle Cillero

R. 4670

**CONCELLOS**

ANTAS DE ULLA

*Anuncio*

O Pleno deste Concello aprobou definitivamente o Orzamento para o exercicio económico de 2015, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 23 de novembro de 2015 (queda aprobado definitivamente o acordo inicial, ao non haberse presentado reclamacións en prazo). De conformidade co que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que o devandito orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, a contía de cinco millóns novecentos noventa e cinco mil oitocentos setenta e oito euros con noventa e seis céntimos de euro (5.995.868,96€), correspondéndolle a cada capítulo as contías que se expresan a continuación, segundo o seguinte detalle:

**ESTADO DE GASTOS****A) OPERACIÓNS CORRENTES**

1. Gastos de persoal.....	884.800,01 €
2. Gastos en bens correntes e de servizos.....	687.682,98 €
3. Gastos financeiros.....	26.150,00 €
4. Transferencias correntes.....	26.233,99 €

**B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**

6. Inversións reais.....	4.114.901,98 €
7. Transferencias de capital.....	- -
8. Activos financeiros.....	7.500,00 €
9. Pasivos financeiros.....	248.600,00 €
<b>TOTAL GASTOS.....</b>	<b>5.995.868,96 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS****A) OPERACIONES CORRENTES**

1. Impuestos directos.....	335.000,00 €
2. Impuestos indirectos.....	30.000,00 €
3. Tasas e outros ingresos.....	180.636,23 €
4. Transferencias correntes.....	1.108.835,65 €
5. Ingresos patrimoniais.....	1.500,00 €

**B) OPERACIONES DE CAPITAL**

6. Enaxenación de inversións reais.....	290.000,00€
7. Transferencias de capital.....	3.892.397,08 €
8. Activos financeiros.....	7.500,00 €
9. Pasivos financeiros.....	150.000,00 €

**TOTAL INGRESOS..... 5.995.868,96 €.**

De forma conxunta, aprobáronse as bases de execución e a plantilla de persoal; de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, o **cadro de persoal** estrutúrase do seguinte xeito:

- **PERSOAL FUNCIONARIO**

- 1 Secretaría- Intervención: Grupo A1; CD: 22
- 1 asistente social: Grupo A2; CD: 18
- 1 axente de emprego e desenvolvemento local: Grupo A2; CD: 18
- 1 administrativo: Grupo C1; CD: 18.
- 2 auxiliares administrativos: Grupo C2; CD: 14(unha das prazas, vacante)
- 1 auxiliar administrativo: Grupo C2; CD: 12
- 1 subalterno: Grupo E; CD: 11(vacante)

- **PERSOAL LABORAL :**

- 1.- **PERSOAL**

- 2 operarios multiservicios.
- 1 encargada da Biblioteca Municipal.

- 2.- **PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

- 1 recollida lixo.
- 1 aux. Ss. Sociais.
- 21 auxiliares SAF
- 2 limpeza
- 1 información xuvenil
- 1 vixianza
- 1 peón.
- 3 socorristas.
- 5 peóns.

En Antas de Ulla, a 22 de decembro do 2015.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 4677

BARREIROS

*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 16 de decembro de 2015, apróbouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 5º bimestre do

exercicio 2015, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 21 de decembro de 2015 ata o 21 de xaneiro de 2016.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 16 de decembro do 2015.- O alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 4654

#### BURELA

##### *Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2015 Padrón do Servizo de Axuda no Fogar de (libre concurrencia e dependentes), do mes de novembro do 2015, que no seu importe total ascende á suma de 4976,02 €.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 18 de novembro de 2015.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 4655

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2537/2015 NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de Burela, adoptado en data 26 de novembro de 2015, sobre concesión de suplemento de crédito financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias, que se fai público resumido por capítulos:

#### **Orzamento de Gastos**

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL Antes do expediente	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA Despois do expediente
1	GASTOS DE PERSOAL	2.786.684,45 €	2.817.583,94 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E DE SERVIZOS	2.933.956,74 €	2.933.956,74 €
3	GASTOS FINANCEIROS	19.296,25 €	19.296,25 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	531.200,00 €	531.200,00 €
6	INVESTIEMENTOS REAIS	219.968,84 €	219.968,84 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	146.629,33 €	146.629,33 €

8	ACTIVOS FINANCEIROS	2.000,00 €	2.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	1.564.172,56 €	1.533.273,07 €
	TOTAL PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS	8.203.908,17 €	8.203.908,17 €

### Orzamento de Ingresos

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.424.265,57 €	2.424.265,57 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	35.000,00 €	35.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS ING	1.410.260,09 €	1.410.260,09 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.805.231,89 €	2.805.231,89 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	3.000,00 €	3.000,00 €
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	136.903,97 €	136.903,97 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	291.340,46 €	291.340,46 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	1.097.906,19 €	1.097.906,19 €
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	8.203.908,17 €	8.203.908,17 €

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

En Burela, a 22 de decembro de 2015.- ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 4671

### A FONSAGRADA

#### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2016

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 23.12.2015 o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e a plantilla de persoal para o exercicio económico 2016 conforme ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións. De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións

A Fonsagrada, 23 de decembro de 2015.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 4672

### LUGO

#### Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de decembro de 2015 aprobouse a **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA SITA NO CENTRO DE CONVIVENCIA MUNICIPAL UXÍO NOVONEYRA SITO NA RÚA QUIROGA BALLESTEROS. (EXPEDIENTE 25-2015).**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** O obxecto da contratación é explotación do servizo de cafetería sita no Centro de Convivencia Municipal Uxío Novoneyra sito na rúa Quiroga Ballesteros 1-A 2º andar en Lugo.

b) **Prazo de duración:** O prazo máximo de duración do contrato é de DOUS ANOS contados a partir da acta de inicio da explotación que se asinará no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato. Finalizado este período poderase prorrogar mediante acordo expreso das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de CATRO ANOS en total incluídas as prórrogas.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto.

**4.- Prezo do contrato:**

O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de 150 € mensuais.

**5.- Garantías:**

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** 5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3º andar.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións técnicas e no de cláusulas administrativas particulares.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** Ó segundo día natural posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións técnicas, así como no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugo, 17 de decembro de 2015.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4680

MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1FRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2015-2016**

Por Resolución de Alcaldía do día 18 de decembro aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2015 -2016

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrónn. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 24 de decembro de 2015 ata o 24 de febreiro de 2016

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e deveñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 18 de decembro de 2015.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 4681

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 9 de decembro de 2015, a derogación da ORDENANZA REGULADORA PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN (ARI), aprobada polo Concello no ano 2010, expónse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións. Transcorrido dito prazo sen que se presente ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo de derogación, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo expreso, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2015.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 4682

*Anuncio*

Aprobada definitivamente a "Ordenanza reguladora da instalación de terrazas, toldos, parasois, celosías ou biombos nas zonas de interese turístico de Monforte de Lemos", por aplicación do art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, a non se ter presentado, no prazo de información pública, ningunha reclamación ou suxestión respecto á aprobación inicial polo Pleno municipal en sesión do 26 de outubro de 2015, procédese á súa publicación íntegra no B.O.P., segundo o disposto no art.70.2 da Lei citada.

**Ordenanza reguladora da instalación de terrazas, toldos, parasois, celosías ou biombos nas zonas de interese turístico de Monforte de Lemos**

**"Exposición de motivos.**

No Pleno do Consorcio Turístico da Ribeira Sacra celebrado o seis de agosto de 2015 acordouse:

“Aprobase por unanimidade a proposta estética e de ornato para integrar nas ordenanzas reguladoras de terrazas de establecementos hostaleiros dos puntos de interese turístico de cada Concello cos (...). Cada municipio terá que determinar cales son os espazos de intereses turístico do seu termo municipal.”

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 21 de setembro de 2015 publicouse “CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN MATERIA DE UNIFORMIDADE DAS TERRAZAS DO DESTINO DESTINO TURISTICO RIBEIRA SACRA, ANO 2015.”

A mencionada convocatoria no seu artigo 4 dedicado ós requisitos dos participantes establece:

“ Os espazos de maior afluencia turística serán determinados por cada Concello e incorporados á ordenanza reguladora segundo o acordo plenario do 6 de agosto de 2015.

Os interesados terán que facer consulta ó respecto nas dependencias municipais e solicitar informe que o acredite como local ubicado en punto de afluencia turística.”

#### **Art. 1 Obxecto**

Esta ordenanza ten por obxecto establecer o réxime estético ao que se deben someter ás instalacións de terrazas, parasoles, veladores/ celosías e toldos de fachada en terreos particulares e de dominio público e, en particular, nos puntos de interese turístico do Concello de Monforte de Lemos no conxunto do destino Ribeira Sacra.

#### **Art. 2. Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación desta Ordenanza coincide coa delimitación do casco histórico (Área de Rehabilitación Integral) de Monforte de Lemos.

#### **Art.3 Definicións**

Aos efectos desta ordenanza enténdese por terraza a instalación que implique o uso dun solo enclavado nunha zona de delimitación de Ribeira Sacra definida no anterior artigo debidamente autorizada conforme ás disposicións legais vixentes.

Estas terrazas supoñen un aproveitamento do solo con actividades de hostalería, mediante a colocación de veladores, parasoles, cadeiras, mesas e elementos auxiliares.

#### **Condicións técnicas e estéticas das instalacións**

#### **Art. 4 Prohibición de publicidade.**

4.1 Queda prohibida a publicidade en todos os elementos que compoñan as terrazas, quedando autorizada expresamente só a publicidade do propio establecemento en toldos e sombrillas/parasoles coa limitación dun espazo máximo de 10 cm. de ancho e 20 de longo en cada un dos elementos para os toldos e 5 cm. de ancho e 10 de longo para as sombrillas/parasoles.

4.2. Tampouco levarán publicidade os elementos complementarios á actividade (gardapanos, cinceiros de sobremesa...) que, unicamente, poderán conter o nome e/ou actividade do establecemento.

4.3. Así mesmo, cando nas terrazas se proceda á instalación de papeleiras, xardineiras, separadores de ambiente, cinceiros de pé, ou outros análogos, estes non poderán levar publicidade de ningún tipo, debendo adaptarse ás características do resto do mobiliario a utilizar.

#### **Art. 5 Mesas e cadeiras**

Con carácter xeral as mesas e cadeiras deberán reunir unhas características que se entendan axeitadas para a súa función, de forma que todas elas sexan amontoables, de material resistente, de doada limpeza e de boa calidade. Tamén serán do material menos ruidoso posible. Deberán armonizar entre si en cromatismo, material e deseño, axustándose ás seguintes características:

- a) Serán de material resistente, de doada limpeza e boa calidade.
- b) Non se permitirá que o mobiliario sexa integramente de material de plástico.
- c) Os materiais de mesas e cadeiras poderán ser a madeira, o tecnoploímero, ou rattan sintético, a resina ou vimbio preferentemente, combinados se cabe con aluminio, polipropileno ou fibra de vidro.
- d) Os tonos preferentes para as cadeiras serán o negro, a cor madeira ou a cor burdeos. No caso das tapas das mesas serán o marfil, o gris ou a cor madeira.
- e) As cadeiras non poderán ser do tipo pregables, salvo que sexan de material de madeira.

#### **Art. 6 Parasoles, sombrillas e toldos enrolables a fachada.**

6.1 Serán de material téxtil, liso e dunha soa cor, debendo usarse preferentemente a cor burdeos de xeito unicromático.

#### **6.2 Sombrillas e parasoles**

- a) Poderá autorizarse un máximo dunha sombrilla/parasol por mesa.



b) As sombrillas/parasoles en ningún caso poderán sobresaír do espazo de ocupación autorizado nin suporán, pola súa altura, perigo para os peóns. Os devanditos elementos haberán de ser de estrutura resistente e segura para as persoas.

c) As sombrillas/parasoles terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha doada manobra para o que o seu soporte terá que ser lixeiro e desmontable. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro.

d) As instalacións de parasoles e sombrillas só poderán autorizarse sen ancoraxes ao pavimento.

#### **Art. 7 Toldos de fachada**

As condicións dos toldos de fachada serán as reguladas na normativa urbanísticaa vixente e a súa instalación requirirá en todo caso o informe previo favorable dos Servizos Técnicos Municipais e a solicitude das correspondentes licenzas urbanísticas.

Para a súa instalación precisase obter a previa licenza / comunicación previa de obras que require en todo caso a obtención de informe favorable sobre a actuación da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Lugo.

#### **Art.8 Celosías e biombos**

8.1 O espazo destinado á ocupación de terraza, poderá ser delimitado por medio de celosías caladas e/ou biombos ou proteccións perimetrais de material transparente.

A autorización para a instalación destes elementos abranguerá unicamente o período no que se autorice a ocupación do dominio publico con terraza.

8.2 Poderase instalar moqueta ou tarima co ánimo de protexer o chan ocupado, sempre e cando fose solicitado, e autorizado polo Concello, debendo manter diariamente as condicións de hixiene e ornato destes.

8.3.3 No caso de biombos ou proteccións perimetrais de material transparente deberán cumprir a normativa sectorial vixente e, polo tanto, deberán incorporar elementos que garantan a súa detección para os viandantes.

8.4.4 O espazo autorizado marcarase sobre o pavimento polo Concello.

8.5 Para a súa instalación precisase obter a previa licenza / comunicación previa de obras ea autorización de uso do dominio publico que require en todo caso a obtención de informe favorable sobre a actuación da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Lugo.

#### **Art. 9 Outros elementos**

9.1 Poderán instalarse papeleiras, xardineiras, macetas ou outros elementos ornamentais en consonancia co mobiliario escollido.

9.2 Non se permitirán contenedores ou bombonas en lugares visibles no acceso aos establecementos e ás súas terrazas. De ser o caso terían que ser cubertos con estruturas acordes ao mobiliario e en consonancia coa realidade arquitectónica do entorno.

9.3 O Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica do ámbito.

#### **Art. 10 Rótulos**

Para a súa instalación precisase obter a previa licenza / comunicación previa de obras que require en todo caso a obtención de informe favorable sobre a actuación da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Lugo.

#### **Art. 11 Horarios**

Os horarios de apertura da terraza estarán suxeitos ó da licenza de actividade que teña concedida o establecemento hostaleiro correspondente, sen prexuízo do debido cumprimento da normativa aplicable en materia de horarios de apertura e peche e ruidos.

#### **Disposición final**

En todo aquilo non regulado por esta ordenanza e, en todo caso, para aquelas terrazas non incluídas no ámbito de especial interese turístico determinado no artigo 2 da presente ordenanza , continua vixente o texto refundido da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Monforte, publicado no BO da Provincia de Lugo de data 13 de marzo de 2013

#### **Disposición adicional primeira.**

Entrada en vigor, esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da a súa publicación no Boletín oficial da Provincia.

**Disposición Transitoria.**

O cumprimento das condicións estéticas para mesas e cadeiras será de obrigado cumprimento para aquelas terrazas de nova instalación dende a entrada en vigor desta ordenanza, sen embargo para as terrazas xa autorizadas en anos anteriores será de aplicación para o ano 2019.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2015.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 4683

**Anuncio**

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 9 de decembro de 2015, a modificación da ORDENANZA MUNICIPAL POLA QUE SE CREAN E MODIFICAN FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, publicada no BOP do 14 de xullo de 2015, modificación que afecta aos ficheiros de "Padrón de Habitantes", "Padrón augas, lixo e rede de sumidoiros" e "Cemiterios", exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións. Transcorrido dito prazo sen que se presente ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo de modificación, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo expreso, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2015.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 4684

**MONTERROSO****Anuncio**

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 22 de 2015, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **24 de novembro de 2015** polo importe de **dez mil euros (10.000,00)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1.- Gastos de persoal.....	1.272.049,29	Euros.
<b>CAP. 2.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS.....</b>	<b>777.214,01</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 3.- GASTOS FINANCIEROS.....</b>	<b>2.387,20</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES .....</b>	<b>60.692,73</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 6.- INVESTIMENTOS REAIS .....</b>	<b>1.145.210,97</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....</b>	<b>1.300,00</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 8.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS .....</b>	<b>0,00</b>	<b>"</b>
<b>CAP. 9.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS .....</b>	<b>64.161,36</b>	<b>"</b>
<b>SUMA TOTAL .....</b>	<b>3.323.015,56</b>	<b>EUROS</b>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 21 de decembro de 2015.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Jesús Otero Calvo

R. 4685

**MURAS****Anuncio**

Aprobado definitivamente o expediente de Modificación de Créditos nº 4/2015 dentro do vixente orzamento municipal, por importe de trescentos dezaioito mil trescentos euros (318.300,00), en cumprimento do disposto

no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que despois do referido expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos e do estado de ingresos do orzamento queda da seguinte forma:

## Estado de ingresos

Capítulo	Consignación anterior	Modificación	Total Resultante
1	972.856,33	-----	972.856,33
2	6.000,00	-----	6.000,00
3	85.700,00	-----	85.700,00
4	498.857,11	-----	498.857,11
5	4.800,00	-----	4.800,00
6	50.000,00	-----	50.000,00
7	753.400,30	-----	753.400,30
8	--	118.300,00	118.300,00
9	--	-----	----
Totais	2.371.613,74	118.300,00	2.489.913,74

## Estado de gastos

Capítulo	Consignación anterior	Modificación	Total Resultante
1	490.158,59	20.000,00	510.158,59
2	878.054,85	180.000,00	1.058.054,85
3	1.000,00	---	1.000,00
4	10.000,00	---	10.000,00
5	---	---	---
6	983.400,00	-102.000,00	881.400,30
7	---	---	---
8	---	---	---
9	9.000,00	20.300,00	29.300,00
Totais	2.371.613,74	118.300,00	2.489.913,74

Muras, 21 de decembro de 2015.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 4686

## NAVIA DE SUARNA

*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado, ao non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos, nº 8, do exercicio 2015**, que comprende **suplemento de crédito**, por importe de **11.000,00 Euros**, e **crédito extraordinario** por importe de **3.100,00 €**, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais derivados da liquidación do exercicio 2014, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, tras este expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do presuposto municipal do exercicio 2015, é o seguinte:

<b>Capítulo 1</b>	<b>568.807,38 €</b>
<b>Capítulo 2</b>	<b>375.972,61 €</b>
<b>Capítulo 3</b>	<b>9.500,00 €</b>
<b>Capítulo 6</b>	<b>552.607,91 €</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.506.887,90 €</b>

Navia de Suarna, 23 de decembro de 2015.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 4673

*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado, ao non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos por suplementos nº 7, do exercicio 2015**, por importe de **36.852,72 euros**, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería, para gastos xerais derivados da liquidación do exercicio 2014, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, tras este expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do presuposto municipal do exercicio 2015, é o seguinte:

<b>Capítulo 1</b>	<b>568.807,38 €</b>
<b>Capítulo 2</b>	<b>362.472,61 €</b>
<b>Capítulo 4</b>	<b>9.500,00 €</b>
<b>Capítulo 6</b>	<b><u>552.007,91 €</u></b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.492.787,90 €</b>

Navia de Suarna, 23 de decembro de 2015.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 4674

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### ANUNCIO BOP ORDENANZA REGULADORA DO USO DE CAMIÑOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 18.12.2015 acordou aprobar a ordenanza reguladora do uso dos camiños públicos no Concello de Negueira de Muñiz.

O acordo expúxose ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 22.07.2014, presentándose alegacións que foron denegadas polo Pleno do Concello vistos os informes técnicos correspondentes.

A ordenanza queda aprobada definitivamente co seguinte texto :

#### ORDENANZA REGULADORA DO USO DE CAMIÑOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

##### PREÁMBULO

Os cidadáns/ás, e os seus representantes municipais, son conscientes da necesidade de regular o bo funcionamento da rede de camiños do municipio de Negueira de Muñiz, pois é necesario evitar a súa deterioración, garantindo a súa conservación, e salvagardando o seu carácter de uso público.

Co propósito de dar resposta á preocupación cidadá nesta materia, créase un instrumento xurídico de aplicación xeral no municipio, en uso da potestade regulamentaria e de autoorganización atribuída aos municipios en virtude do establecido na lexislación de réxime local.

A presente Ordenanza, ten como finalidade proceder á regulación do uso, goce, mantemento, e respecto dos camiños de titularidade municipal, garantindo o carácter de uso público destes, e o seu respecto polos usuarios.

#### TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

##### ARTIGO 1º.

1. A presente ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal, definida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e ten por obxecto a conservación, uso e goce dos camiños de titularidade municipal, en tanto que teñen a cualificación de bens de dominio público.

2. Quedan expresamente fóra da aplicación desta ordenanza os camiños, que dentro do termo municipal, non sexan de titularidade do Concello de Negueira de Muñiz.

3. En todo caso, terase en conta, ademais da presente ordenanza, o que dispoñan en cada momento os instrumentos de plan e demais normas urbanísticas que sexan de aplicación

##### ARTIGO 2. -

Están incluídos no ámbito regulador desta Ordenanza todos os camiños de dominio público do termo municipal.

Os citados camiños teñen a consideración de bens de uso e dominio público e, en consecuencia, son inalienables, imprescritibles e inembargables.

##### ARTIGO 3. -

A finalidade dos camiños públicos é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas coma para animais e vehículos.

Queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo a devandita prohibición acalquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes referido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras calquera ou indicacións escritas de prohibición de paso, salvo as restricións previstas nesta ordenanza.

O uso común xeral dos camiños rurais de Negueira de Muñiz exercerase libremente conforme á natureza destes aos efectos de afectación e apertura ao uso público e ás Leis, Regulamentos, a esta Ordenanza e demais disposicións xerais.

O uso común dos camiños rurais de Negueira de Muñiz non excederá a velocidade de 25 Km/ hora nin o peso total dos vehículos ou maquinaria que os utilicen para o destino agrario será superior a 20.000 quilogramos.


ARTIGO 4. -

1.- As obras, instalacións, edificacións, valados calquera outra actividade ou ocupación en terreos colindantes dos camiños públicos requirirán, en todo caso, autorización municipal.

2.- Tódolos propietarios de fincas lindantes con camiños públicos están obrigados a manter os seus predios libres de maleza ou de outro elemento calquera que poida entorpecer o natural tránsito polo camiño público.

En caso de incumprimento das obrigas establecidas no párrafo anterior, as necesarias actuacións para paliar tal feito serán realizadas polo propio Concello con cargo aos obrigados, previo apercibimento de tal circunstancia.

3. Para a execución de valados, cercas, etc., observarase a preservación dun espazo libre de, alo menos, 1,5 metros desde a arista exterior da explanación do camiño, tal e como figura na ilustración que se xunta. Esta distancia será medida en proxección horizontal.



Excepcionalmente e dentro de núcleo para a execución de valados, cercas, etc., observarase a preservación dun espazo libre de, alo menos, 1 metro desde a arista exterior da explanación do camiño, tal e como figura na ilustración que se xunta. Esta distancia será medida en proxección horizontal.

ARTIGO 5. -

O Concello en circunstancias excepcionais e previa autorización, pode permitir nos camiños a circulación con pesos ou cargas que excedan da permitida, sempre que o solicitante ben o transportista ou persoa contratante ou beneficiada do transporte, asuma os danos que cause e demais condicións que imponha o Concello. -

ARTIGO 6. -

1.- Xestión e financiamento:

- a). O Concello con carácter xeral xestionará directamente os camiños ao seu cargo
- b). O financiamento das actuacións da rede de camiños do municipio efectuarase mediante as consignacións que para tal efecto se inclúan nos presupostos do Concello ou proveñan doutras administracións públicas.,

2. Vixilancia e control:

- a). A vixilancia e o respecto a todo o disposto nesta ordenanza e canto determine a lexislación específica e xeral en todo o relativo a camiños, corresponde ao persoal dependente do Concello debidamente autorizado, que vixiará o trazado e o estado destes, e informarán dos danos e agresións que se lles produza, das usurpacións ou indicios de usurpación e apropiacións indebidas, así como das verteduras ou calquera outras accións que os prexudiquen ou deteriorenen para o seu correcto uso e mantemento, estendéndose a oportuna denuncia cando proceda.

## ARTIGO 7

1.- Son responsables directos da comisión de infraccións en materia de camiños:

Os que executen as accións constitutivas de infracción ou aqueles que ordenen estas, cando o executor se vexa obrigado a cumprir a devandita orde.

2.- Son responsables subsidiarios:

As persoas físicas ou xurídicas baixo cuxas ordes actúe ou traballe o responsable directo da infracción ao cometerse esta.

## ARTIGO 8

1.- Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar o dano causado. A reparación terá como obxectivo lograr a restauración do camiño ao estado en que se encontraba antes de cometerse a infracción, e o custo da devandita operación deberá ser financiado polos responsables da infracción. Os prazos para restaurar ou restituír os terreos ao seu estado orixinal ou executar os traballos pertinentes a tal fin, estableceranse para cada caso concreto nas resolucións dos procedementos tramitados, en función das súas propias características. Transcorridos os citados prazos, a Administración poderá proceder á restauración ou restitución repercutindo o seu custo aos infractores, os que deberán, así mesmo, aboar a totalidade dos danos e prexuízos ocasionados, que se tivesen fixado na resolución final do expediente sancionador, ou a indemnización destes, cando a súa contía quede determinada durante o procedemento ou se fixen no seu caso, na fase de execución.

## ARTIGO 9

As infraccións contra a presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Son infraccións leves:

- Usar os camiños de forma inapropiada e non responsable, contribuíndo a a súa rápida deterioración.
- Realizar plantacións de árbores, arbustos, etc., sen respectar as distancias mínimas marcadas regulamentariamente.
- Circular polos camiños rurais con calquera clase de vehículo de motor a unha velocidade superior aos 25 quilómetros /hora.
- Verter auga nos camiños por un inadecuado labor de rego ou calquera outra circunstancia.
- Estacionar calquera clase de vehículo ou remolques dentro dos límites do camiño, agás durante o tempo estritamente imprescindible, e sempre que non exista outra posibilidade nin se obstaculice gravemente o paso doutros vehículos.
- As accións ou omisións que causen danos ou menoscabo nos camiños sen que impidan o tránsito por estes.

2.- Son infraccións graves:

- A alteración dos fitos, mouteiras ou indicadores de calquera clase que teñan por obxecto sinalar os límites dos camiños, cando esta se produza co obxectivo de apropiarse da totalidade ou parte daquel.
- A ocupación dos camiños mediante valado de calquera tipo, cadeas ou outros elementos que interrompan o seu tránsito.
- A execución de obras, valado de leiras ou plantación de árbores e sebes que se efectúen sen respectar as distancias contempladas na lexislación urbanística ou no plan xeral.
- Danar ou deteriorar o camiño circulando con peso que exceda dos límites autorizados ou por arrastre de apeiros ou maquinaria.
- Realizar obras, instalacións ou actuacións non permitidas entre a aresta exterior da cuneta ou terraplén e a liña de cerramento ou edificación levadas a cabo sen a autorización municipal ou incumplir algunha das prescricións sinaladas na autorización outorgada.
- Colocar, botar ou abandonar obxectos ou materiais de calquera natureza nas cunetas, terrapléns ou terreos ocupados polos soportes da estrutura e que afecten á plataforma do camiño.
- A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida o normal tránsito polo camiño.
- Efectuar a queima de restos de materiais agrícolas en camiños, así como nas súas gabias
- A cavadura ou plantación non autorizada.
- Utilizar o camiño, como estacionamento permanente ou para carga e descarga de forma habitual.
- A reiteración de dúas faltas leves polo mesmo infractor no prazo dun ano.

3.- Son infraccións moi graves:

- Executar calquera obras ou actuacións nos camiños que prexudiquen ou menoscaben gravemente o seu firme.
- Destruír, alterar ou modificar calquera obra ou instalación do camiño ou dos elementos estruturais deste.
- Subtraer, deteriorar ou destruír calquera elemento funcional do camiño ou modificar intencionadamente as súas características ou situación.
- Verter, de forma negligente e reiterada, auga de rega ou de chuvias en calquera camiño.
- Realizar calquera outra actividade que non estando enumerada nos apartados anteriores, supoña unha actuación contraria ás máis elementais regras do uso e goce de calquera camiño.
- A reiteración de dúas faltas graves polo mesmo infractor no prazo dun ano.

#### ARTIGO 10.

1. As sancións imporanse atendendo á súa repercusión ou transcendencia para a seguridade de persoas e bens, a conservación e estado do camiño e o impacto ambiental destas, atendendo ás circunstancias do responsable, o seu grao de culpa, reincidencia, participación e beneficios que o infractor obtivese da súa conduta.

2. A contía das sancións, complementando e adaptando o sistema de infraccións e sancións establecido nas leis sectoriais, non poderán supor novas infraccións ou sancións, nin alterar a natureza ou límites destas.

3. A contía das sancións por infracción da presente ordenanza non poderá exceder o seguinte límite:

- a. Infraccións leves, ata 750 euros
- b. Infraccións graves, ata 1.500 euros
- c. Infraccións moi graves, ata 3.000 euros

### TÍTULO II . AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO EN RELACIÓN AS CORTAS SACAS DE MADEIRA

#### ARTIGO 11

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Negueira de Muñiz que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

#### ARTIGO 12

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 15 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).

Especie de madeira obxecto da corta.

Volume de madeira que se prevé extraer.

Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia.

Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s).

Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga.

Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

3. O Concello de Negueira de Muñiz terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no anexo I.

4. O Concello de Negueira de Muñiz requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

5. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 15 m<sup>3</sup>.

#### ARTIGO 13

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Negueira de Muñiz velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3.-As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables subsidiarios.

#### ARTIGO 14

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira está obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpeza deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

10. Deberán respectarse en todo caso o peso máximo para cada tipo de vía.

#### ARTIGO 15

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza (en metálico ou mediante cheque bancario) ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense varias categorías:

M <sup>3</sup> €		ESTEREO €	
Hasta 15 m <sup>3</sup>	Exento	Hasta 35 estereo	Exento
15-44 m <sup>3</sup>	150,25 €	35-99 est.	150,25 €
45-89 m <sup>3</sup>	300,50 €	100-199 est.	300,50 €



90-134 m <sup>3</sup>	450,75 €	200-299 est.	450,75 €
135-199 m <sup>3</sup>	692 €	300-399 est.	692 €
200-299 m <sup>3</sup>	1.052 €	400-499 est.	902 €
300-399 m <sup>3</sup>	1.352 €	500-599 est.	1.082 €
400-499 m <sup>3</sup>	1.653 €	600-699 est.	1.352 €
500-599 m <sup>3</sup>	2.104 €	700-799 est.	1.503 €
600-699 m <sup>3</sup>	2.404 €	800-899 est.	1.803 €
700-799 m <sup>3</sup>	3.005 €	1000-1199 est.	2.104 €
800-899 m <sup>3</sup>	3.456 €	1200-1399 est.	2.404 €
900-999 m <sup>3</sup>	3.907 €	1400-1599 est.	2.704 €
1000-1199 m <sup>3</sup>	4.508 €	1600-1799 est.	3.005 €
1200-1399 m <sup>3</sup>	5.108 €	1800-1999 est.	3.456 €
1400-1599 m <sup>3</sup>	5.710 €	2000-2199 est.	3.907 €
1600-1799 m <sup>3</sup>	6.311 €	2200-2499 est.	4.508 €
1800-1999 m <sup>3</sup>	7.212 €	>2500 est.	6.010 €
>2000 m <sup>3</sup>	8.414 €		

Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completarase nun prazo de tres meses, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local. En caso de que se observasen danos nas vías, sendo estes danos valorados mediante informe do técnico competente do Concello ou da Deputación Provincial de Lugo, e a fianza depositada fose insuficiente para cubrir os gastos de reparación, solicitarase á persoa responsable a diferenza restante.

#### ARTIGO 16

1.-Previamente ao inicio dos traballos e unha vez presentado o escrito de comunicación previa deberá realizarse unha inspección dos viais, onde se reflectirá o estado dos mesmos. O informe será realizado polo técnico competente, ben do Concello ou da Deputación de Lugo e deberá contar coa firma do representado da empresa explotadora, a modo de acta de inicio do traballos.

1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento determinado polo informe técnico correspondente, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foran dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráselle ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

#### ANEXO I: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

Negueira de Muñiz, 21 de decembro de 2015.- O alcalde, Jose Manuel Braña Pereda

R. 4687

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2016

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 18.12.2015 o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e a plantilla de persoal para o exercicio económico 2016 conforme ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Negreira de Muñiz, 21 de decembro de 2015. O alcalde, Jose Manuel Braña Pereda

R. 4688

#### A PASTORIZA

##### *Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos núm. 3/2015, dentro do vixente orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o 21 de novembro de 2015, cuxo importe ascende á cantidade de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto nos artigos 169 e 177, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que, despois do devandito expediente, o resumen por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1.- Gastos de persoal.....	705.700,00 €
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e de servizos .....	1.268.800,00 €
Cap. 3.- Gastos financeiros.....	45.000,00 €
Cap. 4.- Transferencias correntes.....	84.500,00 €
Cap. 6.- Inversións reais .....	120.000,00 €
Cap. 7.- Transferencias de capital .....	30.000,00 €
Cap. 8.- Variación de activos financeiros .....	-
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros .....	150.000,00 €

---

SUMA TOTAL ..... 2.404.000,00 €

---

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pastoriza, 23 de decembro de 2015.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4689

#### QUIROGA

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de Decembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1. Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao cuarto trimestre do exercicio de 2.015.
2. Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.
3. Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguente recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

Quiroga, a 15 de Decembro de 2015.- O CONCELLEIRO DELEGADO,

R. 4656

## RIBADEO

## Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de ORDENANZA FISCAL T6 REGULADORA DÁ TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**ORDENANZA T6 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA**

**Artigo 5. Cota tributaria da ocupación con mesas e cadeiras**

1. O importe da taxa calcularase de acordo cos importes fixados nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada pola utilización ou aproveitamento e os elementos a instalar, expresada aquela en metros cadrados

2. Tarifas:

a) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

ANUAL	TEMPADA
EUROS	
20,00€/m2/ano	15,00€/m2/tempada

b) Utilización de toldos ou marquesiñas fixados á vía pública: aumentarase nun 50% a contía que resulte da aplicación da tarifa do apartado a) anterior, atendendo á superficie ocupada polo toldo ou marquesiña

c) Utilización de separadores: aplicarase o 10% da tarifa regulada no apartado a) anterior, aplicado a cada metro lineal.

d) A solicitude de instalación de terraza por período inferior a 15 días dentro da tempada sinalada no apartado c) seguinte, de autorizarse, gravarase co 40% da taxa sinalada no apartado a) anterior. A solicitude de dúas ocupacións ou aproveitamentos dos sinalados neste apartado será considerado unha solicitude de tempada completa, polo que a segunda será tratada como tal e liquidada pola totalidade.

3. Normas de aplicación das tarifas:

a) Se o número de metros cadrados da utilización ou aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada

b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores, e outros elementos análogos delimitase unha superficie maior á ocupada por cadeiras e mesas, tomarase aquela como base de cálculo

c) As utilizacións ou os aproveitamentos poden ser anuais, cando se autorizan para todo o ano natural, e temporais cando o período abarque dende o venres anterior a Semana Santa ata o 30 de setembro, de maneira irredutible. Todos os realizados sen autorización administrativa consideraranse anuais.

d) A utilización ou aproveitamento con separadores e outros elementos auxiliares serán irredutibles e abranguerán o mesmo período para o que se solicite a autorización da terraza de que formen parte, anual ou de tempada, liquidándose xuntamente con esta.

4. No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa verá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación

5. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellado a destrución ou deterioro da vía, o beneficiario, sen prexuízo do pago desta taxa conforme as tarifas expresadas neste artigo, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe segundo informe técnico de valoración.

Se os danos fosen irreparables, o suxeito pasivo estará obrigado a indemnizar ó Concello en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados. Non se poderán condonar nin total nin parcialmente a indemnización ou os reintegros a que se refire este apartado

6. Ós efectos desta Ordenanza, designarase indistintamente como terraza a ocupación con mesas e cadeiras, calquera que sexa a súa forma, natureza ou material, xunto cos elementos que a delimiten, ornamenten ou sexan utilizados de forma auxiliar.

### **Anexo: Ordenación de Ocupación de terrazas**

#### **Artigo 1.** Modalidade de ocupación de mobiliario

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

1. Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

2. O módulo tipo está constituído por unha mesa de ancho 0,7 metros e alto ata 0,8 metros, e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,60 x 1,60 metros.

3. Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

a) Unha mesa de ancho mínimo de 0,7 metros e dúas cadeiras de 1,60 x 0,80 metros, que pode reducirse a 1,60 x 0,60 cando a estreitura do espazo o aconselle sempre que se deixe libre o paso mínimo para peóns de 2,5 metros.

b) Un módulo de 1,20 x 1,80 cunha mesa rectangular co lado mais corto de 0,7 metros e catro cadeiras, con dous cadeiras a cada lado longo da mesa.

c) Unha mesa alta a partir de 1,2 metros, con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional de madeira e aros de forxa.


d) Unha mesa alta de 1,2 metros de altura con dous banquetas, de 1,20 x 0,60.

e) Unha mesa alta de 1,2 metros de altura con catro banquetas, inscrita nun rectángulo de 1,20x 1,20 metros.

O mobiliario terá que ser sen publicidade, de madeira tratada e cor natural, para as terrazas de nova

creación, cun período de adaptación de 5 anos para o resto das terrazas que xa obtiveron licenza nestes intres.

#### **DISPOSICION DE MESAS E CADEIRAS**



4. As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

5. Con estes módulos obtense a capacidade e aforo permitido para cada terraza, non podendo incorporarse na terraza mais mobiliario do interior do local incrementando ou alterando a distribución sen comunicación previa.

6. No ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo instalaranse os toldos de acordo co previsto neste plan. Fóra do ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo o toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana e terán sempre posibilidade de seren recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro

7. Admítese a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos, sempre que o toldo teña autorización a súa colocación, sen mais publicidade que o nome do local.

8. Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeadado para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

9. Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos.

10. A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.

b) As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu largo.

c) As saídas de emerxencia en todo o seu largo.

d) Respetarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumeadado que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

11. O mobiliario deberá ser retirado da vía pública ao finalizar o horario de funcionamento do establecemento, podendo acopiarse na terraza nun espazo da mesma, sempre que non interrompa ou cause molestias. Mentres que o toldo e a tarima cando estean autorizados non son necesario retiralos. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización.

#### Artigo 2. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza

As terrazas que pretendan instalarse en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

Polo que en todo momento ten que existir nas rúas peonís unha anchura mínima libre de 2,5 metros de paso, que non pode ocuparse polas terrazas ou quioscos, sendo medidos os 2,5 metros perpendicularmente e proporcional a cada lado dende o eixo central ao longo da rúa, respectándose un itinerario de forma continua, evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro.

2. A instalación de terrazas en prazas, queda subordinada ao uso público mesmas, para o que reservará, polo menos o 50 % da mesma para uso público distinto ao de terraza, computando para o cumprimento de esa reserva a superficie dos soportais de uso público se os houbera, e de lonxitude perpendicular ao fronte do local a metade da lonxitude dende o fronte do local ata a barreira arquitectónica enfrontada da terraza como máximo en nunca poderá superar os 20 metros

3. Cando o grao de inclinación da rúa o aconselle instalaranse tarimas sobre as que se ha situar o mobiliario da terraza. Estas tarimas serán de madeira tratada para ser instalada no exterior e axustaranse a os modelos homologados polo Concello. En ningún punto presentarán un desnivel con respecto á rúa que supere os 50 centímetros de alto polo que, se a inclinación da rúa obriga a iso, poderán ser graduais. Os biombos e elementos de seguridade estarán ancorados á tarima e sen publicidade e de madeira ou vidro

4. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.

5. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supor a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto medioambiental, as solicitudes de novas instalacións o as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.

6. Non se autorizará a colocación nas terrazas de elementos fixos cando poidan obstaculizar o paso dos vehículos de emerxencias pola excesiva estreiteza da rúa.

7. Previamente a instalación das terrazas as que se lle concedeu a licenza, a Policía Local procederá en compañía dos técnicos municipais a delimitación da mesma, mediante a sinalización dos ángulos da mesma con marcas de pintura sobre o pavimento, para que cada terraza quede perfectamente delimitada .

#### Artigo 3. Modalidades de ocupación

A ocupación de solo de titularidade e uso público con terrazas axustarase ás seguintes modalidades e condicións:

1. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar a

lonxitude da fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos dous lindeiros a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 0,50 metros, que se repartirá entre as dúas terrazas.

No caso de que se abra un novo establecemento de hostalería e que a súa fachada estea ocupada, en todo ou en parte, por unha terraza autorizada anteriormente a outro establecemento colindante, ambos establecementos deberán suxeitarse ao previsto no parágrafo anterior cando se proceda á renovación do permiso de terraza xa autorizada.

A distancia dos elementos de mobiliario urbano ao bordo da beirarrúa será, como mínimo, de 0,50 metros, distancia que se poderá reducir ou eliminar cando haxa unha barreira de protección.

2. A terraza poderá situarse acaroada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de vinte metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poida verse afectada a visibilidade ou o acceso a un local comercial. Non se requirirá a autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

3. O longo das terrazas obterase de acordo co artigo 2 do anexo. Se os establecementos se encontraran enfrontados, o longo ocupado por ambas non superará os valores indicados no citado artigo.

4. Non poderá dispor de equipos de lavado mecánico, vertedoiro con sistema de acción non manual, billas para a dispensación de bebidas e equipos de conservación de produtos. Queda prohibida a almacenaxe de elementos fóra da instalación de apoio.

5. As terrazas poderán instalarse en zonas da calzada da vía pública sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns.

En caso de colocación de terraza en zonas de estacionamento situadas a distinto nivel da beirarrúa, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan, colocarse unha tarima debidamente sinalizada e que cumpra requisitos de accesibilidade. En todo caso haberá que preservar as zonas de paso de peóns. Procederase a denegar o permiso de instalación da terraza nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen.

6. Poderán colocarse mamparas ou xardineiras divisorias, que se detallaran na solicitude previa e tendo en consideración a superficie da fachada, anchura da beirarrúa, tendo en conta varios puntos:

a) Deberan permitir polas súas características a súa identificación por persoas de discapacidade visual.

b) Deberán ser móbiles para poder ser recollidas.

c) Non poderán rebasar o ancho autorizado para a instalación correspondente e nunca sobre pasar os 4 metros de lonxitude e empregar como material madeira tratada e en cor natural, dentro do ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo.

d) As mamparas non poderán ser de altura superior a 1,5 metros tomando como referencia a rasante do chan.

e) As mamparas deberán presentar en todo caso estabilidade e rixidez e adecuarse a estética do entorno no que se sitúe a instalación.

7. Será de obrigado cumprimento a exposición da licenza concedida.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As terrazas autorizadas e instaladas no momento de entrada en vigor da presente redacción da Ordenanza, poderán manterse nas mesmas condicións en que foron concedidas de xeito provisional, salvo no suposto en que contraveñan a regulación contida na presente norma impedindo o paso peonil, ocupando máis porcentaxe de beirarrúa da admisible, etc..

No prazo máximo de tres meses dende a entrada en vixencia da presente ordenanza, todas aquelas terrazas que xa conten con autorización, deberán presentar no concello nova solicitude axústándose ás esixencias recollidas no "Anexo: Ordenación de Ocupación de terrazas". De non facerse así quedará automaticamente revogada e sen efecto a autorización coa que contan.

No caso de formularse novas peticións, axustaranse en todo caso á presente Ordenanza dende o momento da súa vixencia

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Ribadeo, a 28 de decembro de 2015.- ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE NÚMERO 19/2015 DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2015**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de Ribadeo, adoptado o 03/12/2015, sobre a transferencia de créditos competencia do pleno, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	3.764.463,34	9.000,00/-9.000,00	3.764.463,34
2	Gastos B. Correntes e Servizos	2.991.693,32	0,00	2.991.693,32
3	Gastos Financeiros	40.020,00	0,00	40.020,00
4	Transferencias Correntes	226.201,70	0,00	226.201,70
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	2.679.996,77	0,00	2.679.996,77
7	Transferencias de Capital	398.377,67	0,00	398.377,67
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	168.574,24	0,00	168.574,24
<b>Total</b>		<b>10.296.372,58</b>	<b>0,00</b>	<b>10.296.372,58</b>
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.429.000,00	0,00	2.429.000,00
2	Impostos Indirectos	340.000,00	0,00	340.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.317.254,91	0,00	2.317.254,91
4	Transferencias Correntes	2.955.490,17	0,00	2.955.490,17
5	Ingresos Patrimoniais	6.976,43	0,00	6.976,43
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.770.962,43	0,00	1.770.962,43
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	226.688,64	0,00	226.688,64
9	Pasivos Financeiros	250.000,00	0,00	250.000,00
<b>Total</b>		<b>10.296.372,58</b>	<b>0,00</b>	<b>10.296.372,58</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 28 de decembro de 2015.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 4676

## RIBEIRA DE PIQUIN

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de crédito 10/2015 o orzamento do Concello de Ribeira de Piquín para o ano 2015, ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público de aquel (BOP nº 283 de data 10/12/2015), en aplicación do disposto nos artigos 169,170,171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais e do R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente (incluíndo os expedientes administrativos de modificación de crédito aprobados ata esta data), o resumo por capítulos do orzamento de gastos quedaría da seguinte forma :

GASTOS Consignación Final €

CAPÍTULO I. Gastos de persoal	231.025,52
CAPÍTULO II. Gastos correntes en bens e servizos	216.278,66
CAPÍTULO III. Gastos financeiros	300,00
CAPÍTULO IV. Transferencias correntes	1.400,00
CAPÍTULO VI. Inversións reais	214.111,36
CAPÍTULO VII. Transferencias de capital	0,00
CAPÍTULO VIII. Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL €.....	663.115,54

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 10/2015 no orzamento para o ano 2015, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos .

En Ribeira de Piquín, a 29 de decembro do 2015.-O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 4710

#### RIOTORTO

##### *Anuncio*

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos solidos urbanos correspondentes o segundo cuatrimestre de 2015, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recursos de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termino do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interponerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación econooómico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como periodo de cobro voluntario o comprendido entre o 28 de Decembro e 24 de Febreiro.

Finalizado o periodo de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no periodo voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 18 de Decembro de 2015.- O Alcalde, Clemente Iglesias González

R. 4658



**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 11 de decembro de 2015, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

A PONTENOVA: substituto: DON JOSÉ GARCÍA LÓPEZ DNI nº 33813219E.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de decembro de 2015.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 4659

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 11 de decembro de 2015, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

POL: substituto: DON PABLO GONZÁLEZ FERREIRO DNI nº 76542708L.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de decembro de 2015.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 4660

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 11 de decembro de 2015, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

BÓVEDA: substituta: DOÑA MARÍA DOLORES COCIÑA CABANAS. DNI nº 33993575N.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de

primera instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso nalguna incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de decembro de 2015.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 4661

---

XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE A CORUÑA

*Anuncio*

D/Dª MARIA BLANCO AQUINO, Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social nº 001 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el Juzgado Social nº 1 de A Coruña, se ha dictado decreto y auto de fechas 21 y 22 de octubre de 2015, respectivamente dirigidos a LIMPERHOSTEL, S.L., no cabiendo interponer recursos contra dichas resoluciones, haciéndole saber que en dicho órgano judicial los interesados podrán tener conocimiento íntegro del acto.

Y para que sirva de notificación en legal forma a LIMPERHOSTEL, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a quince de Diciembre de dos mil quince.- EL/LA SECRETARIO/A JUDICIAL

R. 4662

---

XULGADO DO SOCIAL Nº 37 DE MADRID

*Anuncio*

**CÉDULA DE CITACIÓN A JUICIO Y A INTERROGATORIO**

**ORGANO QUE ORDENA CITAR**

JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 37 DE Madrid.

**ASUNTO EN QUE SE ACUERDA**

JUICIO Nº 874/2015 PROMOVIDO POR D./Dña. GERARDO GUTIERREZ GUTIERREZ SOBRE Despido .

**PERSONA QUE SE CITA**

**OUTSOURCING OF CLEANING SERVICES MADRID SL EN CONCEPTO DE PARTE DEMANDADA EN DICHO JUICIO.**

**OBJETO DE LA CITACIÓN**

ASISTIR AL/A LOS ACTO/S DE CONCILIACIÓN Y JUICIO Y EN, SU CASO, RESPONDER AL INTERROGATORIO SOLICITADO POR D./Dña. GERARDO GUTIERREZ GUTIERREZ SOBRE LOS HECHOS Y CIRCUNSTANCIAS OBJETO DEL JUICIO Y QUE EL TRIBUNAL DECLARE PERTINENTE.

**LUGAR Y FECHA EN LA QUE DEBE COMPARECER**

EN LA SEDE DE ESTE JUZGADO, SITO EN C/ Princesa, 3, SALA DE VISTAS, UBICADA EN LA PLANTA 4ª EL DÍA 12/01/2016, A LAS 09:15 HORAS.

**ADVERTENCIAS LEGALES**

1.- Su incomparecencia injustificada no impedirá la celebración del juicio, que continuará sin necesidad de declarar su rebeldía (Art. 83.3 LJS).

Las siguientes comunicaciones se harán en los estrados del Juzgado, salvo las que revistan forma de auto o sentencia o se trate de emplazamiento (Art. 59 LJS).

2.- Debe concurrir a juicio con todos los medios de prueba que intente valerse (Art. 82.2 LJS).

3.- Si pretende comparecer en el juicio asistido de Abogado o representado por Procurador o Graduado Social colegiado debe manifestarlo a este Juzgado por escrito dentro de los dos días siguientes a la publicación del presente edicto (Art. 21.2 LJS).

4.- Si no comparece, y no justifica el motivo de la incomparecencia, el tribunal podrá considerar reconocidos los hechos controvertidos que le perjudiquen (artículo 304 de la Ley 1/2000, de Enjuiciamiento Civil -LEC-, en relación con el artículo 91 de la LJS), además de imponerle, previa audiencia, una multa de entre 180 y 600 euros (artículo 304 y 292.4 LEC).

5.- La publicación de este edicto sirve de citación en legal forma a la parte demandada que se encuentra en ignorado paradero.

La persona citada puede examinar los autos en la Secretaría del Juzgado hasta el día de la celebración del juicio.

En Madrid , a diecisiete de diciembre de dos mil quince.- D./Dña. REBECA BALLESTEROS HERRERO.- EL/LA LETRADO/A DE LA ADMÓN. DE JUSTICIA

R. 4665